

## CONSECUENCIAS DA ACCIÓN HUMANA SOBRE O MEDIO MÁIS PRÓXIMO.-

As persoas transforman as paisaxes para adaptalas a elas. Por exemplo, fanse construción e realízanse actividades económicas, como a pesca, a agricultura, a industria e o turismo. Estas accións poden transformar moito as paisaxes e chegar a deterioralas. Entre as causas que deterioran as paisaxes están:

- ❖ **A contaminación** .- Prodúcese polo uso de substancias dañinas para as persoas e para a natureza. Algunhas actividades humanas son a causa da contaminación. Por exemplo, os gases que desprenden os tubos de escape dos coches e os fumes que producen algunhas fábricas son tóxicos e contaminan o aire. Respirar estes gases é prexudicial para a nosa saúde. A miúdo tiramos produtos, como aceite e pinturas no vertedoiro ou usamos o váter como se fose unha papeleira.
- ❖ **A deforestación**.- A deforestación é a perda dos bosques. Prodúcese pola corta excesiva das árbores para aproveitar a súa madeira, para construír ou para cultivar outras plantas no seu lugar. Tamén se produce debido aos incendios. Coa deforestación pérdense a vexetación e a fauna que vive alí.
- ❖ **A construción excesiva**.- As persoas construímos na paisaxe para poder vivir nela. En ocasións chégase a construír tanto que se deterioran as paisaxes. Algunhas veces destrúese un bosque para construír unha estrada ou deteriorárase a costa con moitos edificios, urbanizacións ou outras construcións.

As persoas cada vez son máis conscientes da necesidade de protexer a natureza e as paisaxes. Por iso, toman ***medidas para reducir a contaminación***:

- ❖ ***Prohibir os vertedoiros*** incontrolados ou a ***queima*** de lixo para evitar, por exemplo, a contaminación de augas próximas ou os incendios.
- ❖ ***Reforestar***, é dicir, plantar novas árbores naquelas zonas onde se perderon debido á corta ou aos incendios.
- ❖ Establecer zonas protexidas, como os ***parques naturais ou nacionais***, nos que quede prohibida a acción humana sobre a paisaxe, co fin de conservar e protexer a flora e a fauna.
- ❖ ***Cumprir as leis*** que regulan a construción, por exemplo, dun edificio ou dunha estrada.

